

1.- De acordo co establecido no artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, todas as notificacións que se practiquen en papel, deberán ser postas a disposición do interesado:

- a) No taboleiro de anuncios
- b) Na sede electrónica da administración ou organismo actuante
- c) Só se enviarán en papel e non estarán a súa disposición en ningún outro medio
- d) Ningunha é correcta

2.- Cando os interesados dun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se puido practicar, a notificación farase por medio de:

- a) Un anuncio publicado no BOE
- b) Un anuncio publicado no BOP
- c) Un anuncio no diario de maior difusión
- d) Todas son correctas

3.-Qué artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que os interesados poden acceder ás notificacións dende o punto de acceso xeral electrónico da administración:

- a) O 40
- b) O 43
- c) O 44
- d) O 53

4.- Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das administracións públicas poden presentarse, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Nas oficinas de Correos
- b) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Todas son correctas.

5.- Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir:

- a) A autenticidade do documento.
- b) A consulta do documento
- c) A posibilidade de trasladar os datos a outros formatos.
- d) Todas son correctas

6.- Quen non están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de cualquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As entidades sen personalidade xurídica
- b) As persoas físicas
- c) As persoas xurídicas
- d) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada administración.

7.- Os interesados que no estén obrigados a recibir notificacións electrónicas, poden decidir e comunicar á administración pública, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos:

- a) En cualquiera momento mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto.
- b) Só antes do trámite de audiencia mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto.
- c) só antes da proposta de resolución mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto.
- d) Ningunha é correcta

8.- A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións poderá realizarse nos rexistros electrónicos:

- a) Ata as 15:00 horas dos días laborables
- b) Ata as 15:00 horas de todos os días
- c) Durante as 24:00 horas de todos os días do ano
- d) Ata as 24:00 horas dos días laborables.

9.-O rexistro electrónico emitirá automaticamente polo mesmo medio un recibo asinado electrónicamente, mediante algún dos sistemas de sinatura do artigo 18 de la Lei 11/2007, de 22 de xuño, co seguinte contido:

- a) Copia do escrito, comunicación ou solicitude presentada, sendo admisible a estes efectos a reprodución literal dos datos introducidos no formulario de presentación
- b) Data e lugar de presentación e número de entrada de rexistro.
- c) En todo caso, enumeración e denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación ou documento presentado, seguida da pegada electrónica de cada un deles.
- d) Información do prazo mínimo establecido normativamente para a resolución notificación do procedemento, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo, cando sexa automaticamente determinable.

10.- De acordo co establecido no artigo 38.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas, con suxección aos principios de:

- a) Seguridade
- b) Interoperabilidade
- c) Publicidade
- d) Todas son correctas

11.- De acordo co establecido no artigo 46 de la Lei 40/2015, todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos, agás:

- a) O previsto na lexislación correspondente
- b) O establecido nas normas reguladoras do procedemento
- c) Cando non sexa posible
- d) Ningunha é correcta

12.- O artigo 10 da Constitución Española establece como fundamento do orden político e da paz social:

- a) A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e os dereitos dos demais.
- b) O dereito á vida e a integridade física e moral
- c) A liberdade e a seguridade.
- d) O procedemento de «habeas corpus» para producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente

13.- De acordo co artigo 62.5 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación dunha denuncia non confire por sí soa:

- a) A incoación dun expediente
- b) A determinación do prazo para finalizar o procedemento
- c) A condición de interesado no procedemento
- d) Todas son correctas

14.- De acordo co artigo 35.1 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereitos:

- a) Os actos que non se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do dictame de órganos consultivos
- b) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados
- c) Os actos que inicien procedemento de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos
- d) Os acordos de aplicación da tramitación de emerxencia, de ampliación de prazos e de realización de medidas provisionais.

15.- No artigo primeiro do Estatuto de Galicia establece que a Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal:

- a) A defensa do seu territorio
- b) A defensa das suas institucións
- c) A defensa da súa lingua
- d) A defensa da identidade de Galicia e de seus intereses e a promoción de solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

16.- De acordo co artigo terceiro do Estatuto de Galicia, gozan da condición política de galegos:

- a) Os cidadáns españois que, dacordo coas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calquera dos Municipios de Galicia.
- b) Os cidadáns españois que, dacordo coas leis autonómicas, teñan vecindade administrativa en calquera dos Municipios de Galicia.
- c) Os nados en Galicia
- d) Os galegos que vivan e traballen na súa propia terra

17.- Dacordo co artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, O Presidente:

- a) Dirixe e coordina a acción da Xunta e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e extraordinaria do Estado en Galicia.
- b) Dirixe a acción do Parlamento de Galicia e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- c) Dirixe e coordina a acción da Xunta e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- d) Sustitue ao Delegado do Goberno en Galicia

18.- A Xunta de Galicia está composta por:

- a) O Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, no seu caso, e os Conselleiros.
- b) O Presidente e os Conselleiros.
- c) O Presidente, os Conselleiros e o Consello Consultivo de Galicia
- d) O Presidente, Vicepresidente o Vicepresidentes, no seu caso, los Conselleiros e os membros do Parlamento de Galicia

19.-A notificación deberá conter:

- a) O texto íntegro da resolución
- b) O órgano ante o que deben presentarse os recursos
- c) O prazo para interpoñer os recursos
- d) Todas as respostas son correctas

20.-¿En que lingua se tramitará un procedemento seguido ante a Administración Xeral do Estado en caso de ser varios os interesados e existir discrepancias entre eles ao respecto?

- a) Na lingua que elixa a maioría deles
- b) Na lingua da Comunidade Autónoma onde se estea tramitando o procedemento
- c) En castelán
- d) Na lingua que decida o órgano administrativo encargado do procedemento.

21.-Que título da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula as disposicións xerais dos procedementos administrativos?

- a) III
- b) IV
- c) V
- d) VI

22.-O prazo para interposición dun recurso de alzada, se o acto fora expreso, é de:

- a) Un mes
- b) Dous meses
- c) Seis meses
- d) Un ano

23.- Non é atribución do Alcalde

- a) Exercer a xefatura da Policía Municipal
- b) Ditar Regulamentos
- c) Dirixir a Administración Municipal
- d) Ditar Bandos

24.- Os Mebros da Xunta de Goberno Local son nomeados por:

- a) O Pleno
- b) A propia Xunta de Goberno
- c) O Alcalde
- d) Ningunha das respostas anteriores é a correcta

25.- A aprobación das Ordenanzas Municipais corresponden a:

- a) Ao Alcalde por Delegación do Pleno
- b) Á Xunta de Goberno Local
- c) Ao Pleno
- d) Ao Pleno e ao Alcalde indistintamente

26.- A Xunta de Goberno está integrada polo Alcalde e:

- a) Un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos membros da Corporación.
- b) Un quinto dos Concelleiros.
- c) O número de Concelleiros que decida libremente o Alcalde
- d) O número de Concelleiros que estime o Pleno Municipal

27.- Os Tenentes de Alcalde :

- a) Son nomeados mediante resolución do Alcalde
- b) Son nomeados e separados libremente polo Alcalde
- c) Dos nomeamentos e dos ceses darase conta ao Pleno Municipal
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

28.- As sesións extraordinarias do Pleno Municipal deberá ser solicitadas por:

- a) Todos os membros do Pleno
- b) A cuarta parte ao menos do número legal dos membros da Corporación
- c) A Xunta de Goberno
- d) A cuarta parte como máximo do número legal dos membros da Corporación

29.- Os dereitos e liberdades atópanse regulados na Constitución Española no:

- a) Capítulo II do Título I
- b) Capítulo III do Título I
- c) Título II
- d) Título Preliminar

30.- O art. 44.1 da Constitución española establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán:

- a) O dereito a vacacións retribuídas
- b) O dereito á saúde
- c) O dereito de acceso á cultura
- d) O dereito a unha vivenda adecuada

31.- As normas, con rango de Lei, que pode aprobar o Gobierno denomínanse:

- a) Decretos-Leis
- b) Decretos Legislativos
- c) Proxectos de Lei
- d) As respostas a) e b) son correctas

32.- Segundo o art. 81.2 da Constitución Española, as leis orgánicas requiren para a súa aprobación:

- a) Maioría absoluta dos presentes
- b) Maioría absoluta do Congreso
- c) Maioría dos presentes
- d) Dous tercios do número de feito e en todo caso maioría absoluta

33.- Os poderes públicos de Galicia garantirán:

- a) O uso normal e oficial do galego, como única lingua oficial de Galicia que é
- b) O uso normal e oficial dos dous idiomas (galego e castelán) e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e, disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento
- c) A non discriminación lingüística, pero potenciando o uso do galego en todas as facetas, pois é a única lingua oficial de Galicia
- d) Que todos os habitantes de Galicia saiban galego

34.- Segundo o artigo 8 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, os documentos públicos outorgados en Galicia:

- a) Poderán redactarse en galego ou en castelán
- b) Deberán ser redactados en galego
- c) De non existir acordo entre as partes redactaranse en castelán
- d) Deberán redactarse en ambas línguas

35.- A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica por parte das Deputacións provinciais debe dirixirse principalmente a:

- a) Comarcas constituídas no seu territorio
- b) Municipios máis conflictivos
- c) Municipios de menor capacidade económica e de xestión
- d) Concello da capital da provincia

36.- O deber de confidencialidade previsto na vixente lei orgánica de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais prevé que os responsables e encargados do tratamento de datos así como todas as persoas que interveñan en calquera fase deste estarán suxeitas ao deber ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento UE 2016/679, e:

- a) Será complementaria dos deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable
- b) Manterase aínda cando tivese finalizado a relación do obrigado co responsable do tratamento
- c) Manterase aínda cando tivese finalizado a relación do obrigado co encargado do tratamento
- d) Todas son correctas

37.- O artigo 5.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

- a) Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación. Para os actos e xestións de mero trámite presumirase aquela representación.
- b) Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, entendéndose con éste as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa en contra do interesado.
- c) As persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, sempre que isto estea previsto nos seus Estatutos, poderán actuar en representación doutras ante as Administracións Públicas.
- d) Ninguna das anteriores é correcta

38.- ¿Cántas parroquias ten o Municipio de Ponteareas?

- a) 19
- b) 21
- c) 24
- d) 25

39.¿Cantos concelleiros ten o Concello de Ponteareas?

- a) 25
- b) 11
- c) 21
- d) 18

40.- ¿Cales son os Municipios que limitan co de Ponteareas?.

- a) Salvaterra de Miño, Mondariz, As Neves, Arbo, Pazos de Borbén e Salceda de Caselas.
- b) Salvaterra, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, O Porriño, Salceda de Caselas e Crecente.
- c) Salvaterra de Miño, Mondariz, Mondariz Balneario, Salceda de Caselas, Pazos de Borbén, O Porriño, Mos e As Neves
- d) Salvaterra de Miño, A Cañiza, As Neves, Mondariz Balneario, Mos, Salceda de Caselas e O Porriño.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- ¿Cómo se articula o Estatuto de Galicia?

- a) Un título preliminar, catro títulos, catro disposicións adicionais e sete transitorias
- b) Un título preliminar, cinco títulos, sete disposicións adicionais e catro transitorias
- c) Un título preliminar, sete títulos, catro disposicións adicionais e sete transitorias
- d) Ningunha é correcta

2.- ¿Qué día entrou en vigor o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 18/03/1981
- b) 18/06/1981
- c) 18/05/1981
- d) 18/09/1981

3.- ¿Cál é a parroquia do Municipio de Pontearreas que ten maior superficie?

- a) Areas
- b) Padróns
- c) Xinzo
- d) Ribadetea

4.- As áreas metropolitanas integran municipios de:

- a) Diferentes provincias
- b) Grandes aglomeracións urbanas
- c) Da mesma provincia, pero non limítrofes
- d) Distintas Comunidades Autónomas, pero que teñen un nexo común na prestación de servizos